

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de maio de 2017

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezoito de maio de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(466).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(467).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS NO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8521/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

En data 4 de maio de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento aberto das obras para a execución dos murais do terceiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública, que inclúe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o mesmo.

Detectouse un erro material nas fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento. En concreto, omitiuse o primeiro rango de valoración e no segundo e no terceiro hai números incorrectos

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro material nas fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento:

- Omitiuse o primeiro rango de valoración que é:
 - a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left(\frac{Bi - (0.8 * Be)}{0.2 * Be} \right)$$

- Na segunda fórmula resulta preciso substituír “58 + 7” por “62+5”.
- Na terceira fórmula resulta preciso substituír 58 por “62”.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar as fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de . A redacción das citadas fórmulas sería:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left(\frac{Bi - (0.8 * Be)}{0.2 * Be} \right)$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 62 + 5 * \left(\frac{Bi - (0.55 * Be)}{0.25 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0*Be \leq Bi \leq 0,55Be$

$$Pe = 62 * \left(\frac{Bi}{0.55 * Be} \right)$$

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(468).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “6ª EDICIÓN 10 KM PRAIA DE SAMIL”, O VINDEIRO 21 DE MAIO DE 2017. EXPTE. 15748/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o secretario xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade A.D. Media Maraton de Vigo, con CIF (G-36689826), solicitou o día 16-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160154938), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 6º edición 10km PRAIA DE SAMIL
- Data: 21 DE MAIO DE 2017
- Horario: 10.30 a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 21 de maio de 2017; a proba comezará ás 10.30h, tendo a súa saída dende a Avda de Samil ao carón do Polideportivo, para seguir ata o Camiño das Fontes, onde se fará un xiro para voltar de novo pola Avda de Samil e rematar ás 13,30 no mesmo lugar da saída.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A.D. Media Maraton de Vigo, con CIF (G-36689826), a organizar o vindeiro domingo 21 de maio de 2017, a proba deportiva denominada 6º edición 10KM PRAIA DE SAMIL esta proba deportiva está previsto de comenze 10.30h e remate ás 13.30h co percorrido seguinte: Avda de Samil ao carón do Polideportivo, para seguir ata o Camiño das Fontes, onde se fará un xiro para voltar de novo pola Avda de Samil e rematar ás 13,30 no mesmo lugar da saída

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(469).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “II TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE” O VINDEIRO 21 DE MAIO DE 2017.EXPTE. 15945/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/05/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o secretario de xeral do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Club Ciclista Vigués en colaboración coa Entidade Local Menor de Bembrive, con CIF (G-36650885-I), solicitou o día 20-03-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170041810), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: II TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE*
- *Data: 21 de maio de 2017*
- *Horario de saída: 16.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 21 de maio de 2017; a proba comezará ás 16.00h, e percorrerá polas rúas Monte Calvario, rúa Mandín, Camiño dos Novelos, rúa Espedrás, Estrada Bembrive para rematar na rúa Igrexa.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club Ciclista Vigués en colaboración coa Entidade Local Menor de Bembrive, con CIF (G-36650885-I), a organizar o vindeiro domingo 21 de maio de 2017, a proba deportiva denominada II TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE esta proba deportiva comezará ás 16.30H e terá o seguinte percorrido: rúa Monte Calvario, rúa Mandín, Camiño dos Novelos, rúa Espedrás, Estrada Bembrive para rematar na rúa Igrexa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(470).- MODIFICADO SEN INCREMENTO ECONÓMICO (CUSTE CERO) DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA .EXPTE. 15955/333.

Visto o informe xurídico do 16/05/17 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 15/05/17, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes.-

1) Con data 11/06/2016, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o “Proxecto Básico e de Execución de Accesos e Cubrición da Piscina da ETEA” (Expte: 15188/333), redactado pola empresa Galaicontrol , S.L.

2) A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 23/12/2016, acordou adxudicar o procedemento aberto para a execución das ditas obras á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, por un importe total de 330.170,34 € (expte 15188-333).

3) No que atinxe á dirección de obra, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/01/2017, acorda nomear aos arquitectos municipais D.Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso directores facultativos da obra.

4) Con data 23/01/2017, procédese a asinar acta de comprobación de replanteo negativa.

5) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 16/03/2017 acorda, previa petición da dirección facultativa de obra a proposta do Servizo de Deportes de data 06/03/2017, autorizar o inicio de expediente administrativo para a redacción dun proxecto modificado sen incremento económico do Proxecto Básico e de Execución de Accesos e Cubrición da Piscina da ETEA, ao abeiro do disposto no artigo 234.3 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que rexe o contrato da obra.

6) O 31/03/2017, asinase polas partes, a acta de comprobación de replanteo positiva.

7) O proxecto modificado é redactado e asinado polos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, e asinado con data 9/5/2017. O dito proxecto modificado conta, como é preceptivo, co conforme da empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CON-

TRATAS, S.L., a través do seu representante D. Miguel Ángel Caruncho Campanario, que asina tamén o proxecto redactado, coa mesma data da sinatura da dirección facultativa.

8) Incorpórase tamén, informe técnico asinado polo arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro, en relación coa xustificación da necesidade de redactar o dito proxecto modificado, na súa condición de autorizado para a redacción do proxecto modificado número 1 (sen custe),.

9) En cumprimento do trámite de audiencia, incorpórase a este expediente, informe da empresa redactora do proxecto inicial -Galaicontrol, S.L.-, de data 9/05/2017, pola que esta manifesta a súa conformidade co contido do proxecto modificado número 1, sen custe adicional, redactado polos arquitectos municipais D. Juan Piñeiro e D. David Carvajal, tendo en conta que as modificacións propostas non alteran as finalidades e características básicas do proxecto orixinal, tal e como se transcribe, a continuación:

“XUSTIFICACIÓN:

O presente Proxecto Modificado no 1 pretende describir de forma detallada tanto os cambios producidos para adaptar o Proxecto vixente á realidade existente, así como as esixencias de definición establecidas dende a Dirección Facultativa.

As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conquistar os obxectivos establecidos dende o proxecto que se definen a continuación:

a.- Proposta de modificación do proxecto en relación ás unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos (Artigo 107 do TRLCSP).

Atendendo ó indicado no Artigo 107 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público “Modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación”, consideramos que se xustifica a necesidade de modifica-los aspectos indicados atendendo ó primeiro punto do devandito artigo:

“a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.”

No artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas está prevista a modificación do contrato. No seu apartado b) indícase que os aspectos con posible modificación son as unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos. No apartado c), sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla o caso de que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra aparezan condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto.

No proxecto plantexouse a instalación dun taboleiro estrutural de madeira tipo SUPERPANTECH-P5 de 20mm de espesor apoiado directamente sobre a subestrutura metálica a unha distancia de 90 cm polo que, dende a Xefatura de Obra contactouse ca empresa fabricante deste tipo de taboleiros (FINSA) para o encargo do material necesario para a execución da obra. O departamento técnico da empresa FINSA, tra-la revisión da documentación do proxecto informa que iste tipo de taboleiro non resulta válido para o soporte das cargas previstas no proxecto.

Tra-la análise das fichas técnicas dos diversos taboleiros estruturais que fabrica FINSA, concluímos que, para soportar las sobrecargas de uso previstas en proxecto (5 KN/m²) é necesario instalar un taboleiro estrutural tipo SUPERPAN-TECH-P6 de 40mm de espesor apoiado cada 60 cm.

Dacordo con estas características de tipo de material e distancia de apoios a empresa suministradora do produto certifica co material soporta os niveis de resistencia, deformación máxima e estado límite último de cortante esixibles para a sobrecarga de uso prevista en proxecto polo que é necesario substituí-lo material inicialmente previsto no proxecto polo especificado polos servizos técnicos do fabricante.

Tamén é necesario valorar-la execución dun rastrelado de madeira, non contemplado no proxecto básico e de execución, para conquistar unha superficie horizontal na que se poida anclar los taboleiros estruturais de madeira. É necesario contemplar-la execución desta nova partida xa que no proxecto non se contemplaba a súa execución aínda cas praias da piscina teñen pendentes cara os sumidoiros lineais, pendentes incompatibles ca horizontalidade e planeidade necesarias para o novo pavimento. O rastrelado de madeira permitirá dispor da planeidade e horizontalidade da superficie de apoio do taboleiro de madeira estrutural. A instalación do rastrelado non afectará ós acabados das praias da piscina.

Tendo en conta o especificado no apartado 15.b sobre os aspectos a modificar, onde se recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra relacionados coa definición de estruturas e pavimentos e en relación a este ámbito das unidades de obras, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Presuposto do Proxecto segundo o establecido no Artigo 107 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público no que se autorizan modificacións pola "Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas." e atendendo á circunstancia xustificativa para a modificación do contrato recollida no apartado 15.c das FEC na que se autorizan modificacións cando "no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra aparezan condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto".

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN COA DEFINICIÓN DE ESTRUTURAS E PAVIMENTOS (ARTIGO 107 DO TRLCSP).

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación:

Cap 01 Cubrición piscina.

Prodúcese unha variación nas medicións das seguintes partidas de estrutura deste capítulo relacionadas ca variación do taboleiro de madeira estrutural, da necesidade de executar un rastrelado de madeira así coma noutras partidas de menor entidade existentes neste capítulo cuxa execución depende da execución destas partidas. En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15.b das FEC, procede a xustificación da variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, de acordo coas limitacións establecidas no Prego de Clausulas Administrativas Particulares do Contrato. No apartado 15d das FEC, Límites da modifica-

ción, sinala a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o precio do contrato.

Tal e como se comproba na táboa 1 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas polas variacións das unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos no que respecta a variacións xustificadas ó abeiro do Artigo 107 do TRLCSP, dan un resultado do 8,90% inferior ao 20% permitido.

TÁBOA 1

Partidas non executadas total ou parcialmente Capítulo 01 Cubrición piscina Art 107	-27,868,50 €	10,39%
Unidades novas Capítulo 01 Cubrición piscina Art	51.720,01 €	19,29%
Incrementos medición en partidas existentes Capítulo 01 Cubrición piscina Art 107	0,00 €	0,00%
	SUMA	8,90%

b.- Proposta de modificación do proxecto en relación ás unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos (Artigo 15 das FEC).

En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas está prevista a modificación do contrato. No seu apartado b) indícase que os aspectos con posible modificación son as unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos. No apartado c), sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla o caso de que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra aparezan condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto.

No proxecto de execución plantéxase unha estrutura de vigas metálicas apoiadas nos muros laterais do vaso da piscina con separacións entre os diversos elementos de 90 cm.

No proxecto indicábase a necesidade de comprobar "in situ" as condicións dos muros de formigón do vaso da piscina nas zonas nas que se pretendía apoiar as cerchas metálicas xa que nesa zona atópase o rebosadoiro perimetral da piscina que reduce o ancho do muro de formigón precisamente na zona na que se transmitirá a carga do novo pavimento de cubrición do vaso. A necesidade de plantexar intereixos de 60 cm entre apoios do taboleiro estrutural do novo solo e a comprobación "in situ" da precaria situación do muro de formigón na zona na que se atopa o rebosadoiro (zona na que se asentarían as vigas metálicas que permitirían cubri-lo vaso) levan a Dirección Facultativa a plantexar a necesidade de reformular a estrutura de soporte do novo pavimento que cubrirá o vaso da piscina. Plantéxase a construción dunha malla estrutural de tubulares apoiados no fondo do vaso da piscina que permite conquistar a estabilidade necesaria, a ausencia de deformacións diferenciais nos diversos elementos estruturais e a posibilidade de obter superficies de apoio para os taboleiros de madeira cun intereixo de 60 cm.

Tendo en conta o especificado no apartado 15.b sobre os aspectos a modificar, onde se recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra relacionados coa definición de estruturas e pavimentos e en relación a este ámbito das unidades de obras, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos do Presuposto do Proxecto segundo o establecido no apartado 15.c das FEC na que se autorizan modificacións cando “no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra aparezan condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto” e atendendo á circunstancia xustificada para a modificación do contrato.

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN COA DEFINICIÓN DE ESTRUTURAS E PAVIMENTOS (ARTIGO 15 DAS FEC).

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación :

Cap 01.02 Estrutura.

Prodúcese unha variación nas medicións das partidas de estrutura pola necesidade exposta de replantexa-lo tipo de estrutura previsto no proxecto.

En relación ás unidades de obra expostas con anterioridade e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15.b das FEC, procede a xustificación da variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, de acordo coas limitacións establecidas no Prego de Clausulas Administrativas Particulares do Contrato. No apartado 15d das FEC, Límites damodificación, sinala que a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

Tal e como se comproba na táboa 2 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas polas variacións das unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos no que respecta a variacións xustificadas ó abeiro do Artigo 15 das FEC, dan un resultado do 1 ,09% inferior ao 20% permitido.

TÁBOA 2

Partidas non executadas total ou parcialmente	-73,250,64 €	-27,32%
Capítulo 01.02 estrutura		
Unidades novas Capítulo 01.02 estrutura	76.163,17 €	28,41%
Incrementos medición en partidas existentes Capítulo 01.02 estrutura	0,00 €	0,00%
	SUMA	1,09%

c.- Proposta de modificación do proxecto en relación ás escaleiras de evacuación (Artigo 15 das FEC).

En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas está prevista a modificación do contrato. No seu apartado b) indícase que os aspectos

con posible modificación son as unidades de obra relacionadas cas escaleiras de evacuación. No apartado c), sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla o caso de que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra aparezan condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto.

No proxecto de execución plantéxanse dúas escaleiras: unha escaleira para saída dos espectadores da grada e unha segunda escaleira no exterior do edificio para conectar o campo de fútbol cos vestiarios existentes no edificio.

A escaleira de evacuación para os espectadores da grada do pavillón polideportivo plantéxase no proxecto cun trazado de ida e volta. Comprobadas as condicións do solo con material con pouca consistencia e ca existente de material de recheo no talude existente con limitada compacidade consideramos arriscada a execución de traballos de excavación xunto ó talude de terras existente polo que plantexamos a variación da forma da escaleira plantexándoa cun único tramo de tal xeito que os usuarios poidan sair no senso do percorrido de evacuación e que se execute a cimentación da escaleira de evacuación mais lonxe do inicio do talude.

Do mesmo xeito, plantéxase minimiza-la execución dos traballos previstos na escaleira prevista en proxecto para conectar o campo de fútbol cos vestiarios existentes no edificio. No proxecto plantexábase a execución de excavación e contención de terras no talude existente para a construción desta escaleira. Comprobadas as condicións do solo con material con pouca consistencia e con material de recheo con limitada compacidade consideramos arriscada a execución destes traballos polo que se propón o arranxo da escaleira existente.

UNIDADES DE OBRA A MODIFICAR EN RELACIÓN ÁS ESCALEIRAS DE EVACUACIÓN (ARTIGO 15 DAS FEC).

Analizando a táboa RESUME DO PRESUPOSTO que se acompaña a este informe, pódese ver o balance de aforros e excesos por Capítulos, debidos as razóns que se describen a continuación :

Cap 02. Acceso a Gradass e Cap 04. Acceso Vestiarios

Prodúcese unha variación nas medicións destes capítulos pola modificación das dúas escaleiras (escaleira de saída das gradass e escaleira de conexión do campo de fútbol cos vestiarios).

Tal e como se comproba na táboa 3 a porcentaxe modificada, tendo en conta os incrementos de medición e unidades novas provocadas pola modificación das escaleiras de evacuación, dan un resultado do -2,91% inferior ao 20% permitido.

TABOA 3

Partidas non executadas total ou parcialmente Capítulo 02 Acceso Gradass	-14.728,34 €	-5,49%
Unidades novas Capítulo 02 Acceso Gradass	10.736,81 €	4,00%
Incrementos medición en partidas existentes Ca- pítulo 02 Acceso Gradass	5.797,23 €	2,16%
Partidas non executadas total ou parcialmente Capítulo 04 Acceso Vestiarios	-11.418,76 €	-4,26%
Unidades novas Capítulo 04 Acceso Vestiarios	1.824,90 €	0,68%
Incrementos medición en partidas existentes Ca- pítulo 04 Acceso Vestiarios	0,00 €	0,00%

SUMA

-2,91%

En consecuencia, a redacción do Proxecto Modificado no 1 sen incremento económico ten por obxecto recolle-las modificacións de proxecto que se derivan dos axustes de estrutura, pavimentos e escaleiras de evacuación, procedendo tamén a revisa-las medicións doutras partes de obra axustándoas ás previsións reais.

c.- Revisión das medicións de obra axustándoas ás previsións reais de execución.

Contéplase no proxecto modificado a revisión das medicións das diversas partidas do proxecto de execución co obxecto de axustalas á realidade constructiva da obra. Non existen partidas novas nestes capítulos de obra. Somentes se contempla a medición real das partidas a executar segundo o que se contempla na seguinte taboa:

TABOA 4

Partidas non executadas total ou parcialmente Capítulo 05	-19.000,00 €	-7,08%
	SUMA	-7,08%

PRAZO DE EXECUCIÓN:

A realización das obras recollidas neste Proxecto Modificado no 1 sen incremento económico mantén o mesmo prazo de execución da obra de CINCO MESES previsto no proxecto inicial. A data prevista para o remate dos traballos será polo tanto de CINCO MESES dende a data da Acta de Comprobación de Replanteo

ORZAMENTO:

Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos dos prezos descompostos. Todo iso non provoca variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 330.170,34 € (IVE incluído), quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ó presente proxecto Modificado no 1, sen importe adicional.

CONCLUSIÓNS:

Considerando necesaria a modificación do proxecto nos termos citados, e unha vez autorizada a redacción do mesmo polo Órgano de Contratación conforme ao artigo 234.3 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, achégase o correspondente PROXECTO MODIFICADO No1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA NO CONCELLO DE VIGO.

Estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público e que as mesmas atópanse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC e aquelas non contempladas neste apartado axústanse ó artigo 107 do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación

preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA NO CONCELLO DE VIGO.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser CERO porque o importe do contrato mantense no mesmo prezo que a adxudicación.

A documentación do PROXECTO MODIFICADO No1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA NO CONCELLO DE VIGO, considérase completa tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público".

10) Incorpórase a este expediente, aos efectos oportunos, informe do secretario xeral do Pleno, en relación coa vixencia do convenio suscrito en data 10/02/2009, entre o Concello de Vigo, Xunta de Galicia e Consorcio da Zona Franca de Vigo.

11) Con data 12/05/2007, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Aurelio Adán Fernández, informa favorablemente o proxecto modificado redactado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

"Aprobar o proxecto modificado nº 1 -custe cero-, do proxecto básico e de execución de obras de acceso e cubrición da piscina da ETEA, redactado polos arquitectos municipais D. Juan Piñeiro e D. David Carvajal, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/03/2017, polo que se autoriza o inicio de expediente administrativo para a redacción do proxecto modificado nº 1, sen incremento económico, para a execución das obras de accesos e cubrición da piscina da ETEA (expte 15909-333) en consecuencia á correspondente modificación do contrato".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(471).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DOS ALUMNOS/AS DUN CURSO DE OPERADOR/A DE TELEMARKETING. EXPTE. 14023/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4/05/17, dáse conta do informe-proposta do 27/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, que di o seguinte:

A Fundación Érguete-Integración solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o día 20/04/2017 (Doc.170057700), a súa colaboración para a realización de prácticas profesionais non laborais de dous alumnos do "Curso de Operador/a de Telemarketing", que se desenvolverá no marco dun proxecto de emprego inclusivo subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra. Estas prácticas levaríanse a cabo no Servizo de Informa-

ción Cidadá 010 durante o de 21 de xuño ata o 12 de xullo, completando un total de 80 horas por cada un dos alumnos.

Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido do curso- é facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo mellorar a empregabilidade destas persoas en risco de exclusión social.

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita entidade asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola entidade asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, con DNI 36008431E, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, e Dna. Carmen Avendaño Otero, con DNI 35956947N, en calidade de presidenta da Fundación Érguete-Integración, para a regulación das prácticas que realicen dous dos alumnos participantes no “Curso de Operador/a de Telemarketing”, que se desenvolverá no marco dun proxecto de emprego inclusivo subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DOS ALUMNOS DUN CURSO DE OPERADOR/A DE TELEMARKETING

Vigo, x de maio de 2017

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015.

Da outra, Dna. Carmen Avendaño Otero, con DNI.35.956.947-N, presidenta da Fundación ÉRGUETE-Integración, conforme á escritura pública de data 02/11/1999, entidade con domicilio social en avda. Martínez-Garrido, 21-interior en Vigo e CIF: G36861078.

Ambalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ámbalas partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos do “Curso de Operador/a de Telemarketing”, promovido no marco dun proxecto de emprego inclusivo subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento do período de prácticas no servizo de Información Cidadá 010 do Concello deVigo, desde o de 21 de xuño ata o 12 de xullo de 2017.

CLÁUSULAS

Primeira.- *O alumnado do “Curso de Operador/a de Telemarketing” realizará as súas prácticas formativas non laborais durante 80 horas, no servizo de Información Cidadá 010 do Concello deVigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución; ésta será, polo tanto, estrictamente académica.*

Segunda.- *O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado do curso de “Curso de Operador/a de Telemarketing”, sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.*

Terceira.- *Calquer accidente que un dos alumnos poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, que será contratado pola FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN, e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.*

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- *De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.*

A tal efecto o/a estudante asinará coa entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- *A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo, Francisco Javier Gutiérrez Orúe.*

Sexta.- *Número de prazas. O Concello de Vigo acollerá un máximo de dous (2) alumnos da FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN en calidade de estada de prácticas, que figurarán cos seus datos personais no Anexo I deste convenio.*

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- *Número de horas e horario. Cada xornada de prácticas será de cinco horas, de 12 de xuño ata o 12 de xullo, dentro do horario de funcionamento do servizo de Información Cidadá 010.*

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- *O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e deberase comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:*

– Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

– Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

– Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

– Mútuo acordo entre a FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, tamén adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación á FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN.

Novena.- *O presente acordo entrará en vigor na data da sinatura do mesmo e durante o presente ano 2017, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.*

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

7(472).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA AO CURSO INTERNACIONAL DE ENFERMIDADES DE ANIMAIS SALVAXES E DE ZOO, “ZOO AND WILDLIFE HEALTH CONFERENCE 2017” OS DÍAS 24, 25, 26, 27 E 28 DE MAIO DE 2017 EN BERLÍN, ALEMANIA. EXPTE. 8359/612.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/05/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo director de Réxime Interior do Servizo de Vigozoo e a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

O Veterinario deste Servizo VigoZoo, Antonio Acuña Rodríguez (n.p.83261) solicita autorización para a asistencia a curso de formación no seu campo, que se vai celebrar en Berlín, Alemania os días 24, 25, 26, 27 e 28 de Maio de 2017. Dito curso é a conferencia internacional de enfermidades de animais salvaxes e de zoo, “Zoo and wildlife Health conference 2017”.

A asistencia ao dito curso conleva os seguintes gastos en concepto de desprazamentos, gastos de matrícula e manutención. Os gastos que se prevén son os seguintes:

GASTOS CURSO			
Matricula Curso		465,00 €	3371.162.00.00 “Formación e perfeccionamento”
Desprazamento (Vigo-Berlín-Vigo) (Vuelo)		250,00 €	3371.231.20.00 “Locomoción persoal non directivo”
Desprazamentos transporte público en Berlín		50,00 €	3371.231.20.00 “Locomoción persoal non directivo”
DIETAS E MANUTENCIÓN	<i>Importe € por concepto segundo RD462/2002</i>		
Día 24			
½ Dieta Manutención	59,50 €	29,75 €	3371.230.20.00 “Axudas curso persoal”
Aloxamento	132,82 €	132,82 €	
Días 25, 26 e 27			
Dieta Entera (3 días)	192,32 €	576,96 €	
Días 28			
Dieta completa Manutención	59,50 €	59,50 €	
TOTAL		1.564,03 €	

Os gastos serán tramitados mediante expediente de nota de gastos logo de ser realizados, debendo, o traballador entrega tódolos xustificantes que correspondan para poder dar tramite á compensación dos mesmos. O expediente de nota de gastos se relacionará co presente expediente de autorización.

En base ao anterior informe realizase á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

1. Autoriza-la asistencia do traballador Antonio Acuña Rodríguez ao curso internacional de enfermidades de animais salvaxes e de zoo, "Zoo and wildlife Health conference 2017" que se vai celebrar os próximos días 24, 25, 26, 27 e 28 de Maio de 2017 en Berlín, Alemania.
2. Autorización para non asistir ao posto de traballo mércores, xoves e venres (días 24, 25 e 26 de maio), facendo uso das horas para formación segundo o Acordo Regulador dos traballadores deste Concello.
3. Autoriza-lo gasto total en concepto de matricula do curso, desprazamento e manutención previsto para o mesmo que será tramitado a través de expediente de nota de gastos despois da realización dos mesmos e no que se deberán unir os xustificantes que correspondan, os gastos se desglosan da seguinte forma:

Gastos Matricula Curso	465,00 €	3371.162.00.00 "Formación e perfeccionamento"
Gastos Desprazamentos	300,00 €	3371.231.20.00 "Locomoción persoal non directivo"
Gastos Dietas e manutención	799,03 €	3371.230.20.00 "Axudas curso persoal"
TOTAL GASTOS	1.564,03 €	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez